

# BEAU TEN MEDO

Ari Aster, 2023

# 1102

ESTREA EN NUMAX: 28.04.2023 | V.O.S.E. | +16 | 179 min

Beau (Joaquin Phoenix) é un home que terá que enfrontarse aos seus medos e paranoias cando se aventura nunha épica odisea para chegar á casa da súa controladora nai.

«É a comedia máis terrorífica ou o filme de terror máis divertido deste ano»

David Fear, ROLLING STONE



## Entrevista con Ari Aster e Joaquin Phoenix: «O proceso sempre é pasar dun guión que describe un ambiente a estar nese ambiente»

Por Jamie Rogers

**Encantoume o filme. Pareceume gracioso, rin en momentos nos que notaba que o resto da xente estaba moi incómoda, o que aínda me parecía máis gracioso. Sei que é algo no que empezaches a traballar hai moito tempo, Ari, pero cóntame como xurdiu isto, como foi a xénese e como Joaquin se uniu dez anos despois ou os que foran.** Aster: Comezou como un contedor para un montón de ideas que me fixeran rir e que escribira moi rápido. A verdade é que pensei que quizais sería o primeiro filme que faría. Iso non foi así, pero sempre estivo na miña mente. Encantábame o personaxe e o mundo, así que volví a ela despois de *Midsommar* (2019) e descubrín que seguía facéndome rir. Pero, ao volver lela, descubrín que tiña moitas ideas novas e quería afondar nelas.

**Cada guionista e cineasta sabe que cando se escribe algo, iso vai evolucionar e transformarse co talento das outras persoas que formen parte do proceso. É o natural, non si? Evoluciona e medra. Como cambiou cando apareceu Joaquin?** Phoenix: Volveuse peor (ri). Era un filme increíble antes de que eu entrase.

Aster: Oxalá puideses ver o que pensaba que podería ser antes de Joaquin. En serio, antes de facer o filme, só queríamos coñecernos e facernos preguntas sobre Beau e investigar iso. Porén, eu levaba moito tempo traballando en *Beau* e no que era, como se desenvolverían as cousas, como se vería cada escena... todo iso estaba realmente fixado na miña mente. Así que o proceso de facer o filme consistiu en respectar o que xa existía intentando constantemente traspasalo, se iso ten sentido.

Sabes ao que me refiro? Cando unha cousa está moi fixada na túa mente, dalgún xeito está morta; xa está feita. Xa está rematada, non? Así que se só levas a cabo iso, podería ser xenial, pero sempre hai algo que te estás deixando. Polo tanto, a sensación todos os días era de loita entre o que fora e o que estaba sendo.

**Moitos descubrimentos?** Phoenix: O proceso sempre é pasar dun guión que describe un ambiente a estar nese ambiente. Un ambiente que se constrúe, polo que é inevitable que cambie. Pero iso é que o fas, unha fonda exploración na que comezas a descubrir cousas que quizais non previras. Non é que cambie moito a escena, senón que che axuda a descubrir novas cores do personaxe e como se comporta.

Aster: O meu exemplo favorito é a escena na que se supón que Beau camiña atolado e ten sentido que o faga despois do que pasou na escena anterior. Lembro que que mentres faciamos a escena, ti (Joaquin) discrepabas con iso porque dicías, “Mira, sei que ten sentido que estea atolado, pero sinto que isto xa o vimos antes. Vimos unha persoa atolada despois de que pasara algo así? Que máis podería ser?” E pasamos dez minutos aínda que non os tiñamos. A mellor cousa que se pode facer é parar e analizar. Ocorréronsenos sete cousas diferentes que podías facer e fixéchel as todas e todas estaban xenial. Non sei se está entrevista sairá antes ou despois do filme, así que non quero facer moito spoiler, pero houbo unha expresión na túa cara que souben, cando a rodamos, que era a que ía usar. Agora é un dos meus planos favoritos, non só do filme, senón de todos os meus filmes.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](https://numax.org/librería)

*Hereditary*,  
Ari Aster.  
TriPictures [DVD]